

A COLA DA VIDA

Dereitos e deberes dos menores

17.10.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

No 1999, publiquei o libro titulado *Historia dos dereitos da infancia*, que foi iniciático neste tema. Nel trataba de facer un percorrido polas claves máis importantes que levaron ao recoñecemento do neno como un suxeito de dereitos que lle son propios e que pode reivindicar de forma autónoma. Pero, por que fago alusión a este libro? Porque ata aquel momento todos os implicados, dalgún xeito, en temas relativos á infancia (pedagogos, educadores, psicólogos, mestres, pediatras, etc.) criamos que defendendo os seus dereitos con tesón estabamos sensibilizando á sociedade e a eles mesmos sobre a súa consideración como parte dela.

Transcorrida unha década, no entanto, vimos como problemas como o *bullying* (acoso escolar), o *grooming* (pederastia por Internet), o maltrato parental ou o botellón se instalaram entre nós. Iso lévanos a reflexionar sobre se defender e reclamar os dereitos da infancia é o único que debemos facer no seu beneficio. A verdade é que creo que non. Penso que aos nosos nenos e mozos, pero tamén a sociedade en xeral, debemos trasladarlle que todos os dereitos comportan responsabilidades. E que uns e outros deben ser asumidos en todo momento por cada persoa. Non se pode aceptar que o neno teña dereito á educación e non teña o deber de educarse nin que teña o dereito a ser respectado e non teña o deber de respectar os demais.

Por iso, leis como a da Protección Xurídica do Menor (1996) ou a Galega da Familia, a Infancia e a Adolescencia (1997), ademais de pórse ao día sobre as novas situacións que viven os nosos menores, deben plasmar esa correlación entre dereitos e deberes, algo que ata o de agora non fan, xa que só dan entrada aos primeiros. Pola contra, continuar polo camiño de establecer unhas lexislacións máis ou menos parciais como a Lei antibotellón, a Lei da autoridade do profesor ou calquera outra que vaia dirixida a un fenómeno fragmentario será quedar na superficie sen entrar no fondo do problema, que non é outro que o da corresponsabilidade social dos menores ante as normas, algo que só se conseguirá abordando adecuadamente a súa lexislación de referencia.